

A Revolución americana		
Orixes da Independencia	Guerra de Independencia	Nacemento de EEUU
• Protestas das trece colonias contra a política fiscal británica (motín do té, 1773). • Reunión en Filadelfia (1774): lista de agravios contra os británicos. • Declaración de Independencia de Filadelfia (4 xullo de 1776).	• 1775-1777: exército de voluntarios (vitoria de Saratoga, 1777). • 1778-1782: o exército de colonos vence en Yorktown (1781). • Tratado de Versalles (1783): fin da guerra e recoñecemento da independencia de Estados Unidos.	Convención de Filadelfia (1787), Constitución . República Federal. Tres poderes: executivo (presidente elixido por sufraxio universal masculino da poboación branca), lexislativo (Cámara de Representantes e Senado) e xudicial (Tribunal Supremo).
A Revolución francesa		
Antecedentes	Fases	
• Déficit financeiro do Estado e crise de subsistencia; proposta de reforma fiscal para que os privilexiados pagasen impostos (Asemblea de Notables rexeitan a reforma; <i>Revolta dos Privilexiados</i>). • Convocatoria dos Estados Xerais. • <i>Cadernos de queixas</i> do terceiro estado, a nobreza e o clero. • O terceiro estado pide voto por cabeza e deliberación conxunta. As súas peticións son rexeitadas.	• Asemblea Nacional (1789-1792) – Estados Xerais. O terceiro estado constitúese en Asemblea Nacional (despois Constituínte. Xuramento Xogo da Pelota) – O pobo de París asalta a Bastilla (14/07/89). – No campo prodúcese "O Gran Medo". • Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán, Asemblea Lexislativa, Constitución de 1791. – Intento de fuga do rei (Fuga de Varennes). – Guerra contra unha coalición antirrevolucionaria. • A Convención (1792-1794) – Xirondinos: proclamación da república, execución de Luís XVI, insurrección en A Vendée. – Xacobinos (Terror): Constitución democrática; Leva xeral; Lei do Máximo; <i>O terror</i> contra os contrarrevolucionarios. – Golpe de Termidor. Robespierre destituído e guillotinado. • A República conservadora (1794-1799) – Reacción conservadora: Directorio. Constitución conservadora (95). – Golpe de Estado de Napoleón (18 de brumario): Consulado.	
Europa napoleónica		
Consulado (1800-1803)		Imperio (1804-1815)
• Concordato coa Santa Sede (1801). • Código Civil (1804) que recolle as conquistas da revolución moderada: liberdade e igualdade civil, propiedade libre da terra...		• Autoproclamación como emperador en 1804. • Guerra contra diversas coalicións e bloqueo continental. • A ruptura do bloqueo conduce á invasión de España (1808) e Rusia (1812). Fracaso. • Derrotado en Leipzig (1813) pola 6ª Coalición. Abidca. • Derrota en Waterloo (1815) tralo Imperio de «os cen días».
Restauración e ondas revolucionarias		
Restauración	Liberalismo e ondas revolucionarias	
• Restauración das vellas monarquías, lexitimismo. • Deseño dun novo mapa de Europa no Congreso de Viena (equilibrio entre as potencias). • Acordos: Cuádrupla Alianza (en 1818, Quintupla Alianza), Santa Alianza (intervención).	• Liberalismo: substitución do concepto de súbdito polo de cidadán. • Revolucións de 1820: motivadas pola oposición ao absolutismo en España, Portugal e Italia, e polo rexeitamento a submisión a outras potencias en Grecia e Latinoamérica. Independencia de Grecia e a maioría das colonias latinoamericanas. • Revolucións de 1830: revolucións liberais contra o absolutismo. Triunfaron en Francia (monarquía de Luís Felipe de Orleans) e Bélxica (independencia). • Revolucións de 1848: revolucións liberais e levantamentos nacionalistas. Triunfaron temporalmente en Francia e Piamonte.	
Nacionalismos		
Ideoloxía	Unificacións de Italia e Alemaña	
• Desenvolvemento dos conceptos de nación, nacionalidade e nacionalismo. • Nacionalismos disgregadores (Bélxica, Grecia) e unificadores (Italia, Alemaña).	• Unificación de Italia: Piamonte-Sardegna lidera o proceso. Líderes: Víctor Manuel II de Savoia, Cavour e o revolucionario Garibaldi. Precisa do apoio da Francia de Napoleón aínda que se beneficiará da súa derrota ante Prusia en Sedán (1870). • Unificación de Alemaña: Prusia lidera o proceso. Líderes: Guillermo I de Prusia e Bismarck. Proceso en 3 guerras: a) guerra dos ducados, b) guerra austro-prusiana e c) guerra franco-prusiana.	
Independencia da América hispano-portuguesa		
Causas	Fases e consecuencias	
• Perda de confianza na metrópole, influencia da Revolución americana, noticias da Revolución francesa, intereses comerciais do Reino Unido	• Fases: inicios (1808-1815), independencia da maior parte de Iberoamérica (1816-1824). • Consecuencias: aparición de novos países con problemas políticos (caudillismo, militarismo), sociais (predominio crioulo), económicos (estancamento) e territoriais (disputas fronteirizas)	
Pensamento, ciencia e cultura		
Espírito romántico	Cultura e ciencia	
• Rebeldía, exaltación dos sentimentos e o pasado medieval.	• Literatura: Byron, Schiller, Victor Hugo; Pintura: Friedrich, Géricault, Delacroix; Música: Beethoven (precursor), Schumann, Chopin, Schubert;Ciencia: expedicións científicas, Darwin.	

AS REVOLUCIÓN BURGUESAS	
CONCEPTO	CAUSAS
As revolucións burguesas son un conxunto ou onda de revolucións que afectaron a Europa Occidental e América do Norte entre 1775 e 1848. A primeira revolución deste período foi a Independencia de EEUU, pero a principal e o modelo seguido polas demais foi a Revolución Francesa. Son revolucións dirixidas pola burguesía contra o rei absoluto e o privilexio estamental. O seu obxectivo é acabar coas estruturas do Antigo Réxime e implantar un estado liberal.	As principais causas da revolución burguesa son: - O descontento do estamento non privilexiado ou Terceiro Estado pola desigualdade en dereitos e a pobreza xeral. A burguesía (con alto nivel económico e cultural) é o grupo máis descontento cun sistema que a exclúe do poder, a asfixia a impostos e frea o seu enriquecemento. - As ideas da Ilustración Francesa (Rousseau, Voltaire e Montesquieu) que rexeitan o sistema vixente.
CONSECUENCIAS	
Políticas Acabaron coa monarquía absoluta e impuxeron un estado liberal no que o poder está controlado pola burguesía. O liberalismo político establece estes principios: • Separación de poderes: legislativo (Parlamento), executivo (Goberno) e xudicial (Tribunais). • Recoñecemento dos dereitos e liberdades individuais: vida, propiedade, liberdade de expresión e pensamento, de relixión e culto, etc.). • Soberanía nacional: o poder corresponde ao pobo ou nación que o exerce votando aos seus representantes no Parlamento. • Sufraxio censatario: o dereito ao voto corresponde aos cidadáns ricos e homes. A maioría da poboación non ten dereito ao voto. • A Constitución ou Lei suprema recolle estes principios..	Económicas Acabaron coas trabas feudais que obstaculizaban o progreso económico (gremios, terras amortizadas, aranceis comerciais, intervención do estado na economía, etc.) e impuxeron a liberdade na actividade económica (liberdade de industria, de comercio, de traballo, propiedade capitalista da terra, etc.) o que permitiu o desenvolvemento da revolución industrial. O sistema capitalista liberal aplica as teorías de Adam Smith: o Estado non debe intervir na economía sendo o mercado (lei da oferta e a demanda), que debe ser libre, o que regula a actividade económica. Este sistema beneficiará á burguesía que poderá impoñer duras condicións de traballo aos obreiros. Sociais Acabaron cos privilexios estamentais e crearon unha sociedade de clases na que os homes son iguais ante a lei e todos han de pagar impostos segundo a súa riqueza. É unha sociedade máis aberta (é posible cambiar de posición) e na que as diferenzas as establece a riqueza e non o nacemento.
A INDEPENDENCIA DAS 13 COLONIAS BRITÁNICAS	
- s. XVII fundación das colonias británicas en América do Norte. - 1763. O Tratado de París pon fin da Guerra dos Sete Anos. Para compensar as perdas da guerra, Xurxo III impón ás colonias o pago de dereitos de aduana por importar produtos británicos. - 1765. Novo imposto sobre libros, xornais e documentos legais (Lei do timbre). - 1773. Motín do té. O establecemento do monopolio inglés sobre o comercio do té provocou o primeiro enfrontamento violento entre os británicos e os colonos. Os cidadáns de Boston tiran ao mar os cargamentos de té. - 1774. Primeiro Congreso de Filadelfia. Boicot ao comercio británico. - 1775. Segundo Congreso de Filadelfia. Formación dun exército das colonias e comezo da guerra da Independencia. O exército diríxeo George Washington. - 1776. Terceiro Congreso de Filadelfia. Os representantes das 13 colonias redactan a Declaración de Independencia, aprobada o 4 de xullo. Texto liberal, redactado por Thomas Jefferson, inspirado nas ideas da Ilustración. - 1781. O exército rebelde co apoio francés e español derrota aos ingleses en Yorktown. - 1783. Tratado de Versalles. Gran Bretaña recoñece a independencia do novo estado. - 1787. Apróbase a 1ª Constitución común, que crea os EEUU como un estado liberal, republicano e federal. A ela incorpórase a Declaración de dereitos do home.	

CAUSAS DA REVOLUCIÓN FRANCESA	
Profundas - Descontento do Terceiro Estado en xeral e da burguesía en particular. - Difusión das ideas ilustradas.	Próximas - Reparición das crises de subsistencias a finais do S.XVIII, o que provoca o descontento e radicalización popular. - Crise das finanzas do Estado: os ministros de Facenda tratan de facer pagar impostos ao privilexiados pero fracasan.
ETAPAS DA REVOLUCIÓN FRANCESA	
Os inicios da revolución (1787-maio de 1789)	- Revolta dos privilexiados: néganse a pagar impostos e obrigan ao rei á convocatoria dos Estados Xerais (Asemblea dos 3 estamentos). - No proceso electoral elabóranse os cadernos de queixas. - Reunión dos Estados Xerais. Os representantes do terceiro estado (burgueses) enfrontáanse aos privilexiados: esixen unha reunión única e voto individual fronte á deliberación por separado e o voto por estamento como era tradicional. - Os representantes do terceiro estado constitúense en Asemblea Nacional. Xuramento do Xogo da Pelota. - Os privilexiados e o rei aceptan a situación. O poder pasou do rei á nación.
Asemblea Nacional Constituínte (1789-1791)	- Mobilizacións populares que impulsan o proceso revolucionario: toma da Bastilla (14 de xullo), creación da “Comuna de París”, extensión das revoltas a toda Francia e mobilización campesiña (“Le Gran Peur”) - Medidas adoptadas pola Asemblea que converten a Francia nun estado liberal-burgués: • Abolición do réxime feudal (os dereitos señoriais, o décimo, etc.) aínda que os campesiños terán que pagar para acceder á propiedade da terra. • Declaración dos dereitos do home e do cidadán. • Constitución liberal de 1791: monarquía constitucional, separación de poderes, <u>sufrexio censatario</u>... • Nacionalización das terras da Igrexa e Constitución Civil do Clero. • Lexislación económica liberal (ex. Lei Chapelier). - O rei resítese a aceptar as reformas e conspira contra os revolucionarios. - A aristocracia foxe cara aos países próximos e pide axuda militar ás monarquías absolutas.
Asemblea Lexislativa (1791-1792)	- Os nobres fuxidos convencen ás monarquías absolutas (Austria e Prusia) para que se enfronten á revolución. A Asemblea declara a guerra a Austria. - A guerra conduciu á radicalización da revolución ao proceder a Asemblea á mobilización de voluntarios. Os <i>sans culottes</i> entran en acción. - A evidencia da traizón real (fuga de Varennes) provoca unha nova mobilización popular (Asalto ao palacio real das Tullerías) e a caída da monarquía.
A Convención Republicana (1792-1795)	a) Xirondina: o poder en mans da burguesía moderada. Os xirondinos (moderados) vense condicionados polos <i>xacobinos</i> ou <i>montañeses</i> (radicais) e pola acción das masas na rúa e xulgan a Luis XVI por traizón. - Execución do rei. - Formación da primeira coalición de potencias contra Francia: fracasos militares franceses. - Problemas internos: crise económica e levantamento campesiño da Vendée, desencadeado polo recrutamento forzoso. b) Xacobina: a revolución en mans dos exaltados. A ineficacia xirondina leva ao poder á burguesía máis revolucionaria, dirixida por Robespierre, apoiada pola mobilización popular (<i>sans culottes</i>). Redacción dunha constitución democrática de 1793 (soberanía popular), que non entra en vigor. - Apróbanse medidas sociais a favor das masas populares. - Goberno de excepción: leva en masa, economía dirixida (Lei do Máximo Xeral) e práctica do terror contra todo tipo de oposición (os inimigos de Robespierre únense e executáno, golpe de Thermidor). c) Thermidoriana: a revolución volve a mans dos moderados O golpe de estado de Thermidor en xullo de 1794 acabou co poder dos xacobinos. Os éxitos militares permiten á burguesía desprenderse do apoio popular: - Supresión da lexislación xacobina. Os <i>sans culottes</i> son desarmados. - Constitución de 1795: sufragio censatario e precaucións contra o exceso de poder (creación dun Executivo de 5 membros, o Directorio).
O Directorio (1795-1799)	- Vitorias militares contra a 1ª coalición. Destaca a figura de Bonaparte. - Desordes internas por parte da dereita (realistas) e da esquerda (xacobinos e igualitarios de Babeuf). - A burguesía acomodada, para conservar o poder, acode á axuda do exército. - Napoléon da o golpe de estado do 18 de Brumario de 1799. A revolución rematou.

PERÍODO NAPOLEÓNICO (1799-1815)	
Subida ao poder de Napoleón (novembro de 1799)	Napoleón Bonaparte realiza unha brillante e rápida carreira militar durante o Directorio derrotando á 1ª coalición. O golpe de estado do 18 Brumario converteo en primeiro cónsul . A burguesía moderada apóiaio porque o necesita para manter a orde interna.
Reforzamento do poder persoal: do Consulado ao Imperio.	- 1799- 1802: Primeiro cónsul: poder executivo e lexislativo. - 1802: Cónsul vitalicio . - 1804 : é proclamado emperador polo Papa Pío VII. O reforzamento do seu poder débese aos seus éxitos militares que espertan a simpatía popular e o apoio de amplas capas sociais: a burguesía acomodada, a Igrexa católica e o exército.
As reformas internas: a consolidación dos logros revolucionarios	- Código Civil baseado en principios liberais e no estado laico. Gran influencia nas lexislacións europeas posteriores. - Reforma educativa: control da educación polo Estado e expansión da educación secundaria (Liceos) - Concordato co Vaticano: clero sostido polo Estado. - Reorganización das finanzas: creación do Banco de Francia e do franco.
A política exterior: reestruturación do mapa de Europa	- As vitorias militares fronte á 1ª, 2ª, 3ª e 4ª coalición poñen case toda Europa baixo a súa dominación directa ou indirecta (países satélites e aliados). Os británicos afunden a flota franco-británica en Trafalgar (1805) >Napoleón decreta o bloqueo continental. - O Bloqueo continental (1806) contra Inglaterra conducirá a: • Invasión de España e a Guerra da Independencia (1808). "úlceras española". • Invasión de Rusia (1812). Fracaso da Gran Armée (terra queimada+inverno ruso). - As múltiples fronteas abertas, a resistencia nacionalista e o descontento interno deterioran o poder napoleónico. Novas coalicións: • Derrota de Leipzig (1813). Abdicación. Imperio dos 100 días. Derrota definitiva en Waterloo (1815).
Balance do período	- A revolución liberal consolídase en Francia e expórtase a outros países. Isto provoca dúas reaccións: • Apoios incondicionais en Francia e en Europa aquí son minorías cultas e ilustradas. En España chámanse "afrancesados") • Reaccións nacionalistas nas que participan amplas capas sociais (España, Prusia, Rusia ..)

A RESTAURACIÓN E AS ONDAS REVOLUCIONARIAS	
O CONGRESO DE VIENA (1814-15)	As grandes potencias vencedoras de Napoleón impuxeron no Congreso de Viena os principios - Lexitimidade monárquica (hereditaria) fronte á soberanía nacional. O monarca é o único lexitimado para impoñer un sistema político. - Equilibrio internacional baseado na existencia de varios estados fortes para evitar o dominio dunha gran potencia. - Intervención das potencias para manter a orde establecida.
A RESTAURACIÓN	- Novo mapa de Europa baseado no equilibrio entre potencias: * Francia é rodeada de estados- tapón: a Prusia Renana, o reino dos Países Baixos e o reino de Piemonte-Sardegna. * Austria, Rusia, Prusia e Gran Bretaña saen beneficiadas con novas adquisicións. * Gran Bretaña fortalece a súa hexemonía marítima con novos puntos estratéxicos. * Non se recoñecen as reivindicacións nacionais de moitos pobos. - Retorno ao absolutismo na maioría dos estados europeos baixo dúas formas: absolutismo puro (España, Austria, Rusia, Prusia) ou cunha Carta Outorgada (Francia, Países Baixos, Suecia-Noruega) que é unha concesión real de dereitos aos cidadáns ou autolimitación do poder real. Nalgúns países restáuranse as institucións feudais na súa totalidade. - A creación de Para garantir o mantemento do sistema créase: A Santa Alianza e a Cuádrupla Alianza (Europa dos Congresos) para garantir o mantemento do sistema e intervir alí onde se produza unha revolución.
OPOSICIÓN Á RESTAURACIÓN	A oposición ao sistema está representada por: - O liberalismo – a ideoloxía das revolucións burguesas- que agora se divide en dúas tendencias: * Moderado ou doutrinario: Soberanía compartida (Rei-Cortes), sufraxio censatario moi restrinxido e limitación das liberdades individuais. * Progresista: soberanía nacional, sufraxio censatario máis amplo e amplas liberdades. - O nacionalismo, unha ideoloxía derivada do liberalismo e o romanticismo, aparece nos pobos que carecen de estado. O nacionalismo manifestouse de dúas formas: integrador (unificación de pobos divididos como Italia e Alemaña) e disgregador (creación de estados independentes por parte dos pobos dominados polo imperio turco como Grecia, Serbia,...)
REVOLUCIÓNS DE 1820	Son pronunciamentos militares –con escasa participación popular- contrarios ao absolutismo que se estenden por países do Sur de Europa: España, Portugal, Nápoles e Piemonte e son sufocadas polas tropas da Santa Alianza. En Grecia prodúcese unha loita popular contra a dominación turca. As grandes potencias –menos Austria- interveñen a favor dos rebeldes gregos e impoñen o Tratado de Adrianópolis (1829) polo que o imperio turco otomán recoñece a autonomía de Grecia (a independencia proclámase en 1830) e os protectorados rusos sobre Serbia e Romanía.
REVOLUCIÓNS DE 1830	Son revolucións nas que participan as masas populares. Iníciáanse en París: o pobo levántase contra Carlos X que é substituído polo monarca liberal Luís Felipe de Orleáns. Esténdese a Bélxica, Polonia, Italia e Alemaña, onde as reivindicacións nacionalistas únense ás liberais. Só triunfou en Bélxica que creou un reino independente de Holanda.
1848 "A PRIMAVERA DOS POBOS"	- As novas ideas democráticas (sufraxio universal, ampliación das liberdades e dereitos) maniféstanse tanto contra o absolutismo como contra o liberalismo moderado. - A clase obreira participa de forma activa expondo reivindicacións sociais (dereito de folga, redución da xornada laboral, dereito ao traballo...) - Iníciáanse en París: o pobo levántase contra o goberno impopular e antidemocrático de Luís Felipe e proclámase unha República democrática que adopta medidas sociais. O novo goberno –elixido por sufraxio universal- enfróntase a unha insurrección obreira e suprime as medidas sociais. Luíx Napoleón, elixido presidente da República, dará un golpe de estado sen resistencia e proclámase emperador en 1852. (Iníciase o 2º Imperio) - Esténdese ao imperio austrohúngaro, a Italia e aos estados alemáns onde se reunirá a <i>Asemblea de Frankfurt</i> que fracasa no seu intento de unificación do país. - As revolucións foron sufocadas en todos os lugares pero delas xurdiu unha Europa liberal coa excepción do Imperio Ruso.

O NACIONALISMO	
A ideoloxía nacionalista que se desenvolveu a partir do liberalismo e o romanticismo (corrente cultural que valora o sentimento e impulsa o estudo das tradicións). Defende o dereito dos pobos ou nacións a formar os seus propios estados. Esténdese por Europa no S. XIX como reacción, primeiro á hexemonía napoleónica e despois á orde creada polo Congreso de Viena, que non reconece ningún “dereito dos pobos”. O nacionalismo irá unido ao liberalismo, tendo as ondas revolucionarias de 1830 e 1848 un forte contido nacionalista, abrigo no centro e leste de Europa. En todo movemento nacionalista hai dúas fases: unha cultural, na que os intelectuais que difunden as tradicións e desenvolven o “sentimento nacional” e unha segunda fase política, que presenta dúas formas: unificación (Alemaña e Italia) e independentismo (nacionalidades do Imperio turco e austríaco)	
UNIFICACIÓN ITALIANA	UNIFICACIÓN ALEMANA
ANTECEDENTES	
A conciencia nacional, xorde no período e vaise forxando grazas aos intelectuais. Manifestouse nas revolucións do 48, que fracasaron, pero foi crescendo nos anos seguintes. As Universidades foron os principais focos de difusión das novas ideas.	
Italia está dividida en 7 estados, dos que só o reino de Piemonte-Sardegna ten unha dinastía italiana. Austria domina gran parte do norte e centro e reprime os movementos liberais e nacionalistas do 48. Mazzini crea a <i>Italia Moza</i>: fortalece o sentimento nacional pero os seus intentos revolucionarios fracasan.	A Confederación xermánica está dividida en 39 estados. Austria e Prusia opóñense ao desexo, que se manifestou nas revolucións do 48, de crear un estado liberal unificado de carácter democrático. Nos anos 50-60 fortalecese o nacionalismo grazas a: - O movemento intelectual panxermanista (Herder e Schiller) - A unión aduaneira ou Zollverein (1834), promovida por Prusia, que impulsou o desenvolvemento económico non incluíu a Austria..
PROCESO DE UNIFICACIÓN (dirixido polo estado máis poderoso e industrializado do Norte)	
O reino de Piemonte, o único estado liberal de Italia, levará a cabo o programa de Cavour (primeiro ministro de Víctor Manuel II desde 1852) que responde aos intereses da burguesía do norte. - Unificación baixo unha monarquía constitucional. - Modernización e fortalecemento do reino. - Procura de apoios internacionais.	O reino de Prusia, estado autocrático e militarista dirixido polos “junkers” ou terratenentes, con Bismarck á cabeza (chanceler do rei Guillermo I) propónse: - O sometemento do resto de Alemaña, pola vía militar, como forma de engrandecer a Prusia. - O fortalecemento do seu exército. - Apoio diplomático fronte a Austria.
ETAPAS DA UNIFICACIÓN	
a) Guerra contra Austria (1859) co apoio de Napoleón - Incorporación de Lombardía. b) Formación do reino de Italia mediante: - A anexión dos estados centrais e da Romaña. Cavour promoveu movementos revolucionarios contra os seus gobernantes e a favor da unificación. - A conquista dos estados do sur por un exército de voluntarios, “os camisas vermellas”, dirixidos polo revolucionario Garibaldi contando co apoio popular (revoltas campesiñas). As tropas de Piemonte ocuparon a Italia central para impedir que Garibaldi entrase en Roma. Pacto entre Cavour e Garibaldi. - En 1861, Víctor Manuel II é proclamado rei. c) Incorporación do Véneto (1866) - grazas á axuda prestada a Prusia fronte a Austria- e de Roma (1870) (dous intentos de Garibaldi fracasan pola intervención francesa e italiana. A derrota francesa en Sedán permite a ocupación italiana) Todas as anexións fanse mediante plebiscitos. Xurdirá un estado liberal moderado en beneficio da burguesía do Norte de Italia.	a) Guerra dos ducados (1864) contra Dinamarca. A súa principal finalidade é atopar “escusas” para unha guerra contra Austria e separala do proceso de unificación. As tensións polo control dos estados de Holstein e Schleswig provocaron a: b) Guerra austro-prusiana (1866): o xeneral Moltke derrota aos austríacos en Sadowa. Prusia creou a Confederación dos Estados do Norte (1867) excluindo a Austria da unificación. Tamén quedan excluídos os estados do sur buscando “outra escusa” para a guerra contra Francia. c) Guerra franco-prusiana. O veto francés a un candidato alemán para o trono español foi a escusa que levou á guerra. O exército prusiano aniquila ao francés en Metz e Sedán. Napoleón III é feito prisioneiro e Francia será humillada. Os estados do sur incorpóranse a Alemaña xunto aos territorios franceses (de idioma alemán) de Alsacia e Lorena. En 1871 nacia o imperio alemán, o II Reich, cuxo emperador foi Guillermo I. Xurdirá un estado liberal, de corte autoritario, no que se uniron os intereses dos junkers (terratenentes) prusianos e da burguesía industrial renana.

